

O TRATADO DE MAASTRICHT E AS SÚAS POSIBLES ALTERNATIVAS: UNHA VISIÓN DENDE O SUR

MIREN ETXEZARRETA

Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade Autónoma de Barcelona

Recibido: 22 novembro 1996

Aceptado: 18 decembro 1996

Resumo: A UE, tal e como está configurada ata agora, e o Tratado de Maastricht, que marca o camiño para a súa realización, non están dirixidos ó benestar das poboacións dos países membros, senón a potencia-los intereses do capital internacional e, particularmente, os do capital financeiro. No caso de España, a situación é especialmente grave, xa que as medidas que imponen os criterios de converxencia conducen ineludiblemente a empeora-los problemas da economía real e a deteriora-lo nivel de vida actual da poboación. De aquí que esta UEM e o TM non poidan ser considerados unha vía aceptable pola poboación española.

Palabras Clave: Unión Europea / Tratado de Maastricht / Cohesión social / Política económica española / Benestar.

MAASTRICHT TREATY AND ITS POSSIBLE ALTERNATIVES: A VIEW FROM THE SOUTH

Summary: The EU as it is shaped and the Treaty of Maastricht which establishes the guidelines for its fulfilment are no directed to the welfare of the populations of the countries which are members but to foster the interests of the internationalised capital, particularly those of the financial capital. In the case of Spain, the situation is especially serious, since the measures which impose the criteria of convergence inevitably lead to worsen the problems of real economy and to deteriorate the actual living standard of the population. That is why this EMU and the MT cannot be considered as an acceptable way by Spanish people

Keywords: European Union / Maastricht Treaty / Social Cohesion / Spanish economic policy / Welfare.

INTRODUCCIÓN

A Unión Económica e Monetaria (UEM), que supón a adopción dunha moeda única para toda a Unión, e o Tratado de Maastricht (TM), que conduce a esta, estanse presentando como o desenvolvemento obvio (¿natural?) da Unión Europea trala Acta Única. Un mercado único require unha moeda única. Para facelo posible, cada país ten que cubrir unha serie de condicións. Só se os países presentan unha economía saneada —definida segundo certos criterios específicos de converxencia— será posible a UEM e favorable para os seus membros e para o conxunto da Unión.

O cumprimento dos criterios de converxencia pode ser difícil e supoñer sacrificios para partes da poboación dos distintos países. Pero é inevitable se se teñen

que obte-los beneficios da UEM. Unha vez que a UEM estea en funcionamento, os problemas económicos resolveranse a través do mercado: lograrase a estabilidade económica, mellorará a competitividade, aumentará o crecemento, lograrase a prosperidade e incluso diminuirá o paro¹. Sacrifiquémonos agora para obter beneficios para o futuro, é a curta pero suxestiva mensaxe.

Existe outra parte desta mensaxe que a miúdo non aparece explícita. A UEM é inevitable. É a UEM ou o caos. É bastante curioso observar como se presenta a UEM. Pódese aceptar que algúns países non se integren na UEM (tanto peor para eles), pero a idea de que a UEM non se realice desapareceu das alternativas posibles.

Non obstante, unha atenta análise da UEM e do Tratado de Maastricht non confirma estas posicións. Ó meu xuízo, a UEM e o Tratado corresponden só a un deseño específico de política económica que beneficia a algúns poderosos intereses económicos e que supón unha importante perda para a maioría das poboacións implicadas. Así mesmo, este deseño impide o desenvolvemento dun modelo alternativo para a Comunidade Europea que levase á participación activa e ó benestar das poboacións europeas. Polo tanto, considero que é unha obriga e unha responsabilidade social expoñer-lo verdadeiro carácter e as consecuencias do deseño actual da UEM e do Tratado de Maastricht.

O TRATADO DE MAASTRICHT COMO UNHA OPCIÓN ESPECÍFICA DE POLÍTICA ECONÓMICA

"A imposición dos conceptos de converxencia de Maastricht non parece basearse na análise económica".

DE GRAUWE, 1995

Non nos deteremos a detalla-los requisitos concretos esixidos para a formación da UEM, pois xa son ben coñecidos. Para poderen formar parte dela, os países membros deben cubrir unhas condicións específicas que se estableceron no Tratado de Maastricht en decembro de 1991 e que viñeron a denominarse "criterios de converxencia". Estes imponen uns límites respecto ós valores que poden alcanzalas taxas de inflación, os tipos de xuro, as taxas de cambio, o déficit público e o volume de débeda pública, iguais para tódolos países que queiran formar parte da Unión. É sabido, tamén, que hai dúas datas previstas para a formación da UEM: ben en 1997, cando deberá haber unha maioría dos quince países membros que cumpran os criterios esixidos para formar parte da UEM ou, se esta maioría non é posible (agora xa se sabe que a maioría dos países non cumpren os criterios esixi-

¹ Para sermos xustos, habería que engadir que, a miúdo, as mensaxes se limitan á primeira parte e que moitos proponentes da UEM non van tan lonxe como para prometer que se alcanzará a prosperidade para todos. É, máis ben, a tradución dos políticos nacionais que engaden esta parte acerca das vantaxes da UEM para a poboación.

dos), en 1999 pasarán a constituír automaticamente a UEM aqueles estados, sexan os que sexan, que se adapten a eses criterios, mediante a fixación de tipos de cambio irrevogables entre o euro e as moedas dos estados. Operarase nun sistema de dualidade destas e o euro para, no ano 2002, constituí-lo euro como moeda única da Unión, coa desaparición das moedas dos estados. Para orientar todo este proceso, créase o Instituto Monetario Europeo como organismo transitorio ata que se constituía máis adiante o Banco Central Europeo, que será unha institución independente das autoridades políticas e absorberá as funcións principais dos bancos centrais dos países membros.

Pode ser máis relevante detérmonos a analiza-lo significado destes criterios e a súa validez, xa que, aínda se se aceptan as formulacións actuais acerca da integración europea, xorden dúbidas razoables respecto á adecuación e eficacia do modelo. Repasamos brevemente algúns elementos.

Primeiro, ¿é necesaria a moeda única para poder avanzar na construción europea? A moeda única non é a única vía técnica para poder estruturar unha unión económica con mobilidade internacional de capitais. Ademais do sistema mixto actual, hai dúas alternativas: os tipos de cambio flexibles ou a moeda única. Ámbalas dúas presentan vantaxes e inconvenientes e a opción que se fixo da segunda non, supón, necesariamente que asegure mellores resultados cá primeira.

Unha investigación econométrica realizada na Universidade de Liverpool comparou a "estabilidade económica" —a variación da produción, dos prezos, etc.— en Europa, en primeiro lugar, coa UEM e, despois, cunha situación de tipos de cambio flexibles, baixo a hipótese de que se utilizaban políticas monetarias semellantes e apropiadas nos dous casos. Segundo este estudio, coa UEM a taxa de inestabilidade na CEE sería un 80% maior cá dunha Europa rexida por un sistema de taxa de cambio flexible e por unha política monetaria concertada entre os bancos centrais (Grjebine, 1992, p. 30). Entre outras cousas, os tipos de cambio flexibles deixan máis marxe á acción dos estados mentres que a segunda a limita de forma moi acusada. O propio Solchaga (1996) reconece ámbalas dúas opcións, aínda que se decanta claramente pola da moeda única, co curioso "argumento" de que *"creo que este é un argumento só válido no papel, pero é menos relevante na realidade... Consecuentemente, a min non me parece que sexa un bo argumento"*.

Segundo, ¿por que apoiarse exclusivamente en criterios de converxencia nominais en lugar de facelo en criterios de converxencia reais? É curioso constatar que mentres a teoría económica das áreas monetarias óptimas se basea en criterios reais, a UEM opta polos criterios nominais. Quen considera máis importantes os aspectos reais parte de que as estruturas económicas non se poden modificar rapidamente por medio de cambios nas regras monetarias e nas institucións e, por iso, formula que a moeda única debe se-lo resultado final dunha aproximación das economías. Os que optaron pola converxencia nominal sosteñen que as regras monetarias poden cambia-las actuacións dos axentes económicos e altera-los axustes macroeconómicos. Por iso conciben normas nominais transitorias para impulsa-la

unificación económica. Pero, "*non aparecen razóns teóricas sólidas que xustifiquen a necesidade de converxencia previa en taxas de inflación, tipos de xuro, déficit públicos ou niveis de débeda pública. En contraste, a teoría das áreas monetarias óptimas destaca a necesidade da flexibilidade dos salarios reais, da mobilidade do traballo e da integración fiscal como condicións previas para o éxito dunha unión monetaria. Polo tanto, a imposición dos conceptos de converxencia de Maastricht non parece basearse na análise económica*" (De Grauwe, 1995). Aglietta (1995, p. 9) confirmao: "*Déixase a converxencia real ós mecanismos de mercado... Realmente, o acordo (sobre criterios de converxencia) supón un compromiso político entre Alemaña e Francia... O procedemento é máis próximo á lóxica da economía política ca economía pura*". Outros moitos autores levan a análise moito máis lonxe e mostran que, pola contra, precisamente os criterios nominais de converxencia motivan unha maior diverxencia entre as economías reais. "*O éxito dos países da UE e a redución e a converxencia da inflación é un feito ben coñecido. Menos coñecido é o feito de que para obterem a converxencia cara á baixa inflación, estes países tiveron que pagar un alto prezo en termos de paro crecente*" (Heylen e Van Poeck, 1995).

Que os criterios de converxencia do TM ignoren totalmente os aspectos da economía real —incluso as axudas da Comunidade para proxectos estruturais poden ser negadas se non se cumpren os criterios nominais— mostra que os obxectivos reais da UEM non consisten en logra-la aproximación das economías dos países da Unión, senón que existen outros obxectivos prioritarios. As medidas tomadas revelan que se trata, principalmente, de facilitar que os capitais financeiros poidan operar en condicións máis seguras. As inxentes masas de capital financeiro que atravesan o mundo e a UE teñen que asegurarse de que o valor da moeda na que operan non cambia (taxa de inflación e taxa de cambio), e a UE establece os criterios de converxencia que así o aseguran.

Terceiro, ¿cales son os elementos que levaron a fixa-los límites cuantitativos dos criterios nos niveis especificados? Non se tivo en conta a distinta situación dos países, nin as súas posicións no ciclo, nin se estableceu diferenza ningunha entre déficit totais ou primarios ou estruturais. Os límites aparecen arbitrariamente fixados. Duval (1996, p. 33) opina que non tódolos criterios fixados teñen o mesmo peso. Considera que os criterios esenciais son o da taxa de inflación, os tipos de xuro a longo prazo e a estabilidade da taxa de cambio, e que só estes son imperativos no Tratado, mentres que "*os redactores do Tratado valoraron ben o aspecto arbitrario dos límites elixidos para o déficit e a débeda pública, xa que estes non teñen realmente un carácter obrigatorio*". Este autor, favorable a unha UEM rápida, estima, sen embargo, que non hai razón ningunha para que o 3% fixado ó déficit público sexa esixido con rigor. Logo de constatar que "*as políticas dos países susceptibles de formar unha unión monetaria (os oito países en mellores condicións) converxeron en 1995, pero a un nivel de déficit superior ó previsto polo Tratado*", Duval pregunta "*¿que facer agora?... Non hai nada que gañar con iso,*

agás se se quere enterra-lo proxecto sen dicilo. Forzar unha política fiscal moi restrictiva ten o risco de afundi-los países na recesión sen reduci-los déficit finalmente...".

Existen tamén dúbidas acerca da validez do 60% como o criterio para o límite da débeda pública. Aglietta sinala que non existe ningunha razón para que os países teñan a mesma taxa de débeda. *"Se as utilidades marxinais do consumo público fronte ó privado son distintas nos diferentes países, se a redución da converxencia real supón un gasto público maior nos países menos desenvolvidos, as diverxencias non debían afectar a unha unión monetaria. Con estes argumentos, os criterios que cómpre establecer deberan ser moito máis dinámicos e flexibles"* (Aglietta, 1995).

Cuarto, ¿por que unha formulación ríxida acerca de criterios iguais para tódolos países e para cumprir nos mesmos prazos por países en circunstancias económicas tan diversas? Esta formulación revelouose xa inadecuada e levou a aceptar de forma crecente a idea dunha Europa a varias velocidades, xa que moitos países non poderán formar parte da UEM nos prazos propostos (co conseguinte problema de qué sucederá nesta tesitura). Unha formulación na orixe moito máis gradual, con pautas de transición múltiples, que non forzara a ningún país a un tipo ríxido de converxencia non só sería moito menos traumático para os países que teñen máis dificultades para o proceso de converxencia, senón que restauraría a credibilidade do Tratado fronte ós mercados, que xa están actuando realmente baixo as expectativas de transicións múltiples.

Contra o que se propugna, unha verdadeira converxencia dos países europeos esixiría políticas económicas distintas dos respectivos países, que permitiran ós máis débiles alcanzar ós máis potentes. Parte da CE (sur de Italia, España, Portugal, Grecia, Irlanda e Alemaña do leste) ten niveis de produtividade e rendas reais considerablemente máis baixos, e unha estrutura industrial moito menos diversificada có resto da CE. Os países do sur teñen tamén un sistema fiscal máis débil que fai que unha taxa de inflación máis alta poida ser aceptable se non óptima. Para reduciren as súas asimetrías estruturais, estas rexións necesitan altos tipos de investimento. De feito, acéptase xa que a UEM se producirá en grupos distintos, ¿por que non integrar este feito incontrovertible no proxecto, en lugar de situalo como referente para os países incapaces de cumprir adecuadamente cos criterios da UEM? Ata o Sr. Solchaga, que cando era ministro era un dos máis ardentes impulsores de estar nos países de cabeza a calquera prezo, empeza a darse de conta de que non é posible e acepta que *"o proceso acabará sendo maioritariamente político e haberá de decidirse entre estas dúas cousas: ou unha Unión Monetaria cun número relativamente pequeno de países de economías moi uniformes, ou ben outra con máis discrepancias internas pero cun maior número de países. ... E algunha cousa entre estes dous extremos haberá que considerar..."* (Solchaga, 1996, p. 5). O propio Sr. Pujol, outro dos abandeirados da incorporación no grupo de ca-

beza ata hai moi pouco, aceptou publicamente que, se cadra, non estaríamos nese grupo.

Pódese percibir, xa, que o TM constitúe un deseño fráxil e bastante vulnerable, do que non se desprenden garantías sólidas de que vai operar na dirección que formula o discurso oficial. Ademais, a incerteza para os países aumenta durante todo o período de transición, pois non se saberá ata o último momento qué países integrarán o grupo de cabeza, situación que pode impulsa-la especulación monetaria coas moedas máis débiles.

A todo isto hai que engadi-las consecuencias que a UEM terá para os países membros que non entren no grupo de cabeza. ¿Supón que estes terán a liberdade de organiza-la súa política económica como lles pareza, para logra-lo seu avance económico e a súa eventual integración na UEM nunha data posterior? Por exemplo, ¿poderán dispoñer das vantaxes que permiten as desvalorizacións competitivas para avanzar no seu comercio exterior? Parece pouco probable. En parte porque os mercados financeiros lles poden esixir primas elevadas ós estados que leven políticas de francotirador, posto que aumentan os riscos de inestabilidade monetaria e, por outra parte, porque a Unión quererá asegurarse a converxencia e a cooperación en lugar da competencia, e é moi probable que as políticas monetarias se coordinen no seo dun novo sistema europeo. Pero a cuestión non está clarificada, e moito menos resolta, entre outras cousas porque se produce a gran ficción de que, en principio, tódolos países poden estar no grupo de cabeza. Por exemplo, no noso país oficialmente nin sequera se quere acepta-la posibilidade da non-incorporación no primeiro grupo, nun magnífico exemplo práctico da política do avestruz. É curioso que as autoridades políticas e os dirixentes económicos e sindicais formulen a política económica actual dando por seguro que España estará no grupo de cabeza da UEM, cando tódolos comentaristas da Unión e dos demais países sitúan a España como un seguro candidato á entrada, non xa no segundo grupo, senón incluso nunha etapa posterior. Se despois de tódolos sacrificios que se están impondo en nome do cumprimento dos criterios de Maastricht no período esixido, non se logra entrar, cousa moi probable se non cambian os criterios, ¿a quen se poderán pedir responsabilidades de tan fondos "erros"?

Todos estes elementos, e moitos outros que se puideran citar do mesmo estilo, o que en definitiva mostran con claridade é que o Tratado de Maastricht e a UEM, tal e como están establecidos agora, non son máis ca un deseño concreto e específico do que pode ser unha Unión Europea. Un deseño que responde ás necesidades e desexos actuais do capital internacional, pero non ó benestar dos pobos de Europa. As alternativas que conducen á Unión Europea son múltiples e o propio carácter desta Unión pode ser distinto do actual. Preséntase Europa como se a única forma de levala a cabo fose a UEM actual e Maastricht, e se se critica ou se rexeita Maastricht, considérase que se está rexeitando a simple idea dunha Unión Europea. Isto é totalmente falso. A Unión Europea pódese aceptar ou rexeitar, esta é

unha cuestión; pero, aínda se se acepta, non hai ningunha razón especial para iguala-lo proxecto actual da UEM cunha Unión Europea que pode ser radicalmente distinta da programada en Maastricht.

O MARCO NO QUE SE DESENVOLVE A UEM

"El proceso de mundialización creciente de las economías está cambiando radicalmente el marco y las condiciones en que los poderes públicos intervienen en el sistema económico y social fijando límites cada vez más estrechos".

MARTÍN SECO, 1996

Para entende-lo que é a UEM e o TM que conduce a aquela, é necesario revisar brevemente o marco socioeconómico no que teñen lugar.

A crise dos setenta acrecentou fortemente a competencia entre os capitais do mundo enteiro, que trataban de recupera-la taxa de beneficio. Para iso, estes capitais víronse forzados a busca-la expansión do beneficio en todos aqueles ámbitos nos que este se puidera xerar.

A concentración e centralización do capital, que se materializou por medio de fusións e pola expansión dos investimentos directos, dirixida a diminuí-los custos de produción, aproveita-las economías de escala e a amplía-los mercados nos que se opera para amplía-la súa marxe de ganancia, levou á expansión territorial e a utiliza-lo mundo enteiro como o horizonte para as estratexias do capital, chegando ó que hoxe coñecemos como a situación de mundialización ou globalización (que non son máis que formas actualizadas do imperialismo que xa se denunciou a principios de século).

O emprego do ámbito mundial como área estratéxica non debe confundirse, sen embargo, cunha expansión homoxénea do capital no mundo. A expansión do capital concentrouse máis ca nunca nos propios países centrais (que realizan entre si por riba do 70% do comercio e dos investimentos totais mundiais) e nos países do sueste asiático, que son os que realmente medraron con rapidez dende os setenta. Nos demais países, a entrada de capital estranxeiro é esporádica e limitada a aproveitar algunhas vantaxes puntuais que ofrece o capital central, como certos produtos naturais ou o diferencial salarial e, dende os oitenta, as oportunidades de negocio que brindan as privatizacións. É unha globalización concentrada e xerarquizada, pola que uns poucos capitais baseados nos países centrais —e principalmente nuns poucos destes— utilizan o mundo enteiro para as súas estratexias, constituíndo redes de capital totalmente internacionalizado que se entrecruzan entre si en complexas e variantes formas.

A intensa acentuación da competencia deu lugar nos países centrais a reestruturacións moi substanciais, para defenderse do que aínda é unha moi limitada

competencia dos que chaman novos países emerxentes (o volume das exportacións do sueste asiático non supera moito o 10% do comercio mundial). A formación de bloques económicos ou comerciais é unha das formas destacadas desta reestructuración. Estados Unidos establece o Tratado de Libre Comercio e impulsa o Mercosur con vagas promesas de integración posterior. O Xapón e os países asiáticos, aínda que con menor intensidade, van tomando posicións para constituír grupos de transaccións internacionais preferentes; e a Comunidade Económica Europea reforza a súa posición por medio da Acta Única e da Unión Económica e Monetaria e convértese na Unión Europea.

Aínda que dende a súa fundación en 1957 a CEE foi unha operación económica, nos seus inicios supoñía tamén un esforzo cara á reconciliación, á paz e á unión política. *"En estos momentos se ha producido una inversión entre los fines y los medios; el progreso económico que en principio no es más que un medio se ha convertido en un fin en sí mismo"* (Comisión Europea, 1996, p. 21). *"De cualquier forma, la retórica del discurso europeo va abandonando poco a poco, como principal ideal, el fomento de un desarrollo que persiga la solidaridad, la equidad, la justicia, el equilibrio territorial y el respeto al medio ambiente. Pues, el desarrollo que se propugna no es otra cosa que el crear las condiciones para que pueda progresar sin trabas de ningún tipo la producción y distribución a gran escala, dominada por el gran capital transnacional europeo (y, en menor medida, mundial), así como configurar un entorno en el que grandes volúmenes de capital se puedan mover sin ninguna cortapisa, atravesando a la velocidad de la luz las fronteras estatales, con el fin de que éste aproveche de las ventajas de rentabilidad y especulativas que ofrece operar libremente en los distintos mercados financieros"* (Fernández Durán, 1996, p. 3).

A evolución da economía do occidente europeo segue as pautas da evolución do capital mundial, reforzando o bloque ó que pertence para poder competir mellor cos outros dous bloques que forman os seus socios e, ó mesmo tempo, adversarios na absorción dos beneficios que se xeran a escala mundial.

O esforzo por recupera-la taxa de beneficios non se limita á expansión polo mundo, senón que require tamén reforza-los mecanismos tradicionais de beneficio, é dicir, fundamentalmente amplia-lo excedente, a plusvalía, que se obtén na produción, mediante a diminución da parte que se lle paga ó traballo. De aquí tódolos esforzos por reduci-lo custo do traballo mediante a súa conversión nun input variable, flexible e de custo decrecente, que responda exclusivamente á súa utilización directa no proceso productivo. De aquí, tamén, o intento de reduci-la forza dos traballadores e as súas organizacións para reaccionar ante esta situación. Este debilitamento é posible porque moitos deles están integrados na relativa prosperidade consumista da que gozan e outros moitos amedrentados polo pavoroso crecemento do paro.

Parte da estratexia global do capital á saída da crise consiste tamén en buscar novos ámbitos de operación. Apurar ó máximo as parcelas onde se pode obter un

beneficio. E é nas áreas do estado do benestar onde existe territorio ata hai pouco sen explotar. Lograr penetrar na área acoutada polas prestacións sociais e públicas é outras das liñas de actuación, que conduce á privatización das prestacións sociais.

Ó mesmo tempo, é necesario reestructura-lo papel do estado. Evitar que este dificulte a obtención de beneficios por ocupar áreas que lles permitirían diminuí-la presenza do estado en certos espazos e aumenta-los apoios directos do aparato do estado ó capital: contratación das empresas privadas para actividades ata agora públicas, por exemplo, obras públicas e sanidade; subvencións; créditos; garantías; ademais dos magníficos negocios que permiten as privatizacións e do establecemento dunha política económica e laboral totalmente dirixida a potencia-los seus intereses.

Temos aquí configurados os elementos esenciais que neste momento marcan as liñas de forza da Unión Europea. A liberalización do movemento de mercadorías e capitais que permita aproveitar ó máximo as vantaxes que ofrezca o mundo enteiro para facer negocios e organiza-la produción e os mercados; o intenso endurecemento da política laboral; o paro e a precariedade do emprego; a reestructuración do papel do estado e a penetración privada nos ámbitos do estado do benestar. Os ben coñecidos programas de axuste macroeconómico que se establecen cunha ou outra lexitimación. No noso caso, para cumprirmos coas condicións de Maastricht, co obxectivo explícito de ser cada vez máis competitivos e loitar polos beneficios fronte ós outros dous xigantes que se organizan de forma similar.

É dicir, a Unión Europea, tal e como está configurada actualmente, responde á estratexia actual do capital para acrecenta-los seus beneficios. E só dende este marco se pode entender qué significa e ónde se dirixe. Dende o Tratado de Roma, a Comunidade Económica Europea fixera explícita a súa natureza, pero é a partir da crise dos setenta, e despois de ter superado fases moi críticas nos últimos oitenta, cando se configuran en toda a súa crueza os obxectivos últimos de quen dirixe este bloque².

A Unión Monetaria responde ós intereses do capital internacionalizado. Non só nas súas liñas estratéxicas, como intentei sinalar, senón incluso no deseño concreto das súas actuacións. Varios grupos europeos, e en España Fernández Durán (1996), mostraron amplamente nas súas publicacións a estreita relación entre os

² Nun interesante relatorio que M. Aglietta —un dos expertos en economía monetaria máis importantes de Francia e máis progresista cá maioría dos economistas— presentou o ano pasado no Banco da Reserva Federal de Nova York, atópanse 38 densas e profesionalmente moi sólidas páxinas acerca do problema da transición á moeda única. Non obstante, nelas non pode atoparse nin unha soa referencia ós temas que interesan á xente: paro (en primeiro lugar), crecemento da economía, consumo, benestar... Mentres as lía preguntábame máis e máis, ¿cal é o obxectivo real da Unión Monetaria?, ¿para que se ten que chegar á Unión Monetaria se non está en absoluto vinculada ó benestar da xente?, ¿que vencellamento ten coas preocupacións e cos desexos reais da poboación? Non puiden atopar ningunha resposta. Só se supoñemos que a Unión Monetaria é boa para a xente, vale todo o aparato técnico ó que os economistas se dedican. Pero en ningún lugar atopei a xustificación deste suposto (non podo admitir que falar do óptimo de Pareto sexa unha xustificación hoxe en día).

grandes capitais e o proxecto europeo e, en particular para esta última etapa, a conexión entre a European Round Table of Industrialists (ERT) e as decisións da Unión Europea. A ERT é un grupo fundado en 1983 no que están representadas as principais transnacionais europeas e no que os seus informes e orientacións estratéxicas para Europa marcan a pauta das grandes decisións que pouco despois toman e executan os directivos da Unión. Remítome ós seus traballos, pois non é posible desenvolver aquí este punto.

O PREZO DE MAASTRICHT PARA A ECONOMÍA E A POBOACIÓN ESPAÑOLA

"España, por exemplo, pode ser dende agora un membro completo dunha futura defensa europea, aínda que permanecerá ás portas do euro".

FREMEUX, 1996

Argumentase que a pertenza á Unión Europea é necesaria para manter unha economía sana e en desenvolvemento no século XXI, e que as vantaxes económicas son extraordinariamente importantes³. Pero cando se trata de precisa-las vantaxes que vai supoñer-la UEM, estas aparecen máis limitadas.

As principais vantaxes redúcense á eliminación do risco de cambio entre os países que a adopten, e á redución da prima de risco polo poder económico do espazo de referencia, á redución dos custos de información e transacción, e á señoriaxe derivada da constitución do euro como moeda de reserva internacional. Ademais, *"en todo momento o interese de quen promoveron a idea de que habería que completa-lo mercado único coa moeda única, non era exclusivamente o reduci-los custos de transacción, senón fundamentalmente intentar repara-los problemas que poderían crea-las desvalorizacións competitivas"* (cando un país desvaloriza para ter un tipo de cambio favorable con respecto ós países cos que compite) (Solchaga, 1996).

Tratando de ampliar ó máximo as vantaxes, pódese engadi-la desaparición definitiva da incerteza monetaria e a transparencia de prezos que iso permite, co que se facilitan os investimentos das empresas a través de todo o territorio. En definitiva, as vantaxes proveñen principalmente da diminución da incerteza económica e no valor das moedas respectivas. Incerteza que aumentou de maneira considerable debido ás novas características da economía mundial, co peso dos movementos de

³ Adóitase aducir a miúdo que España recibe importantes subsidios da Unión Europea. Pero cando se observa a súa magnitude, a contribución non é tan destacada. Polo de agora España foi recibindo aproximadamente, como contribución neta anual da UE, o equivalente ó 0,5% do PIB. A iso hai que engadirle que os Fondos de Cohesión que se lograron como intercambio para aproba-lo Tratado de Maastricht van dirixidos á realización de grandes obras de infraestrutura e medio ambiente.

capitais e co aumento das transaccións entre industrias. É dicir, que primeiro se crean os problemas e, polo tanto, logo hai que busca-las formas de resolvelos. ¿Non sería máis práctico buscar modelos de desenvolvemento que non formularan estes problemas con tal intensidade e non sería necesario ter que resolvelos desta maneira?

A simple enumeración dos efectos positivos mostra con claridade que son vantaxes que afectan principalmente ó capital financeiro⁴ e incluso que, nalgunhas ocasións, a súa realización final pode ser bastante dubidosa. Por exemplo, sinálase que se aforrará nos custos de transacción ó elimina-los gastos de cambio entre divisas, pero, ¿desaparecerán tamén as comisións que esixen as institucións bancarias por realiza-las transferencias financeiras aínda que se fagan na mesma moeda? Por outra parte, desaparecerán as oportunidades de especular coas moedas europeas entre si, pero, ¿non é posible que os inmensos volumes de capital financeiro, que buscan un beneficio coa especulación monetaria, pretendan mantelo por medio de contrapño-lo euro co ien e co dólar?

Cuantitativamente, as vantaxes son bastante reducidas. Cando a Comunidade avaliou os efectos do Mercado Único concluía que podía supoñer un aumento, dunha soa vez, de varios puntos no PIB comunitario (Cecchini) ou, no mellor dos casos, por riba disto, medio punto anual de aumento na taxa de crecemento do PIB comunitario (Baldwin). Se a UEM é importante porque facilita a operación do Mercado Único e elimina a incerteza monetaria, os resultados cuantitativos parecen bastante modestos. Modestia aínda maior se se ten en conta que, actualmente, o desenvolvemento dos mercados a prazo lles ofrece ás empresas tódalas posibilidades de cubrirse contra o risco de cambio. Como sinala o presidente da Peugeot Citroën, para esta empresa "*coa serpe monetaria o custo de cambio e cobertura a prazo representaba menos de media milésima (0,0005%) da súa cifra de negocios. O novo sistema non ten grande interese para as empresas. Pola contra, non mellora para nada o verdadeiro problema deste momento: as fluctuacións do dólar e do ien en relación coas moedas europeas*" (cit. Grjebine, 1992, p. 39).

Aínda se aceptamos que estes beneficios se produzan, poucas veces se analiza cómo se van distribuír. Os anos que levamos xa na Unión Europea permiten temer que as melloras que comporte a UEM se repartan de modo moi desigual⁵. É verdade que o noso atraso económico vén de moi lonxe e non se pode facer responsable del á UE, pero a posición relativa dos países máis pobres non mellorou coa integración. Segundo os informes publicados en 1991, "*a análise das disparidades do*

⁴ Hai que denunciar algunhas formulacións realmente torpes que se fan no esforzo por xustifica-la UEM baixo a escusa de que son procedementos didácticos. Por exemplo, cando se quere xustifica-la UEM mediante o caso do europeo que sae con mil pesetas para visita-los quince países da Unión. Non gasta nada, só cambia as moedas e, a causa do custo dos cambios, volve só con 500 pesetas. Formulación totalmente nesgada porque a maioría dos europeos non visitan nin quince nin un dos países da Unión. E, pola contra, os seus problemas poden estar causados pola pertenza á Unión (destrución de empregos, por exemplo). Son, precisamente, as entidades financeiras as que se benefician de non ter que incorrer no custo dos cambios.

⁵ Tampouco se poden esquece-la distribución e as diferencias entre as distintas rexións dun mesmo país.

PIB per cápita e da produtividade (VAB por traballador) confirma, unha vez máis, que se manteñen as grandes diferencias entre as rexións da Comunidade. Por exemplo, as dez rexións menos desenvolvidas, situadas principalmente en Grecia e Portugal, teñen actualmente rendas per cápita medias menores ca un tercio das rendas per cápita das dez rexións máis avanzadas" (CEE, 1991, p. 11). A táboa 1 mostra a situación en 1994 e, o que é máis grave, parece indicar que a distancia entre as rexións máis ricas e máis pobres empeora (respecto a 1980) ou diminúe moi lentamente (principios dos noventa).

Táboa 1.- Diverxencias en PIB per cápita entre as rexións* da Comunidade, 1980-1988. En PPA. Eur=12

	1980	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991
Media das 10 rexións máis pobres	44,0	44,0	44,7	43,8	42,6	43,2	42,6	41,7	41,0	41,1	40,5	41,8
Media das 10 rexións máis ricas	145,8	149,2	149,4	151,0	150,6	152,1	151,4	151,9	152,4	152,8	150,6	151,6
Media das 25 rexións máis pobres	54,9	53,7	53,8	53,5	52,8	52,6	51,9	52,1	52,7	53,8	53,1	54,4
Media das 25 rexións máis ricas	135,3	137,7	138,5	138,2	138,5	139,3	138,3	138,7	137,5	138,0	137,4	137,0
Disparity**	26,6	28,4	28,2	28,3	28,6	29,0	28,5	28,2	28,2	27,9	27,9	27,9

*NUTS2; ** Desviación típica ponderada co tamaño da poboación de cada rexión.

FONTE: Comisión Europea (1994): *Competitividade e cohesión: As tendencias das rexións. Quinto informe periódico sobre a situación e a evolución socioeconómica das rexións da Comunidade*, cadro A4.

De tódolos modos, isto pode ser considerado historia e o que é necesario agora é analizar se a UEM vai cambiar estas tendencias. Non parece probable, senón que, pola contra, é moi posible que a situación se deteriore por distintas razóns. Primeiro, porque non hai medidas reais para reequilibra-la situación; os Fondos de Cohesión son bastante reducidos e nin o seu importe nin a súa orientación poden cambiar realmente o desequilibrio actual. Segundo, ignóranse as variables reais e os criterios do TM levan a ignora-lo impacto que os criterios nominais teñen en problemas coma o paro, a taxa de crecemento, a mellora da produtividade e os desequilibrios rexionais. Terceiro, as medidas que impón Maastricht, como veremos máis adiante, están dirixidas no mellor dos casos á estabilidade, máis probablemente ó estancamento. O aumento da taxa de crecemento nos países máis pobres non está entre as prioridades, xa que estes só poden mellora-la converxencia nas variables reais por medio do crecemento ou dunha ampla reestructuración das súas economías, que a UEM non se propón inducir⁶. Se, ademais, a moeda única supón un mesmo tipo de xuro en toda a Unión⁷, *a priori* parece que será máis difí-

⁶ Se se adopta unha estratexia de baixo crecemento ou de non-crecemento por causa da sustentación, ten que formularse un cambio moito máis amplo no modelo acerca da distribución da actividade económica.

⁷ Non cremos que sexa posible que nunha Unión Monetaria os tipos de xuro sexan distintos pero, se así puidera ser, os tipos de xuros dos países máis pobres terían que ser máis altos por causa das diferencias nas economías reais e por atraer-los fluxos de capitais externos.

cil para os países máis débiles atrae-los capitais necesarios para cubri-la dobre brecha do déficit comercial e do déficit público (actualmente todo o mundo sabe que é o tipo de xuro de Alemaña o que determina os tipos de xuro dos países da Unión e que os países como España teñen que apoiarse nun alto diferencial entre os tipos de xuro para atraer capital).


Non é, polo tanto, unha sorpresa que xa en 1991 un informe da Comunidade, despois de indicar que é posible que o Mercado Único e o EMU supoñan algúns elementos positivos para as rexións máis pobres, especialmente debido á intensificación dos servizos que deberían facer posible a descentralización e que esta beneficiaría ás rexións máis afastadas (nótese o hipotético dos beneficios), conclúa que *"é posible que, como a UEM supón a necesidade de harmoniza-los orzamentos e, ó mesmo tempo, anula os tipos de cambio, poida impoñerlles ós países máis pobres algunhas limitacións que dificulten os seus esforzos para obte-las taxas de crecemento superiores ás das rexións ricas, que necesitan para a súa mellora"* (CEE, 1991, p. 15). E tamén que *"as tendencias do pasado cara a unha maior internacionalización da produción e da distribución, que seguen un esquema funcional cara a unha especialización xeográfica crecente, vanse manter e reforzar"* (CEE, 1991, p. 69). Cinco anos máis tarde, a evolución comunitaria leva á Eurostat a sinalar que se percibe a *"inclinación do desenvolvemento"* cara á gran dorsal europea (área que en forma de arco vai dende Londres ata o norte de Italia, co centro de gravidade situado entre Londres, París e a cunca do Ruhr, onde se xera aproximadamente a metade da riqueza producida na Europa occidental), mentres que as empresas menos eficaces das rexións pouco favorecidas ven empeora-las súas condicións cando diminúe a protección (Delgado, 1966). *"La puesta en funcionamiento del Mercado Único en 1993, cuyos efectos globales para la economía de la CE se espera que sean positivos, puede generar una dinámica de concentración de actividades económicas en las zonas más prósperas de la CE, aumentando los desequilibrios y desajustes... Las regiones y estados periféricos serán los más afectados por estos efectos no deseados"* (SEH, 1989, cit. por Fernández Durán, 1996).

En España, por exemplo, polo de agora a distancia cos países europeos máis ricos mantense. A pesar dun aumento substancial do PIB per cápita en 1995 (tres puntos), este é só o 76,1% da media comunitaria e está aínda por debaixo da situación de 1974 (79,2%) e algo por debaixo da de 1991 (BBV, 1995).

Ademais, dende a integración en 1986, a balanza comercial deteriorouse fortisimamente e chegou a alcanza-lo 6% do PIB. Só as sucesivas desvalorizacións da peseta, permitidas pola fixación dos límites do SME no 15%, e a recesión dende 1991 lograron diminuír parcialmente ese desequilibrio. Con todo, é necesario tamén engadir que España puido financiar ese déficit comercial gracias ó gran volume de fluxos financeiros atraídos ó país dende que este se converteu en membro da CE, moi probablemente pola seguridade que esta pertenza proporcionaba. Por

outra parte, a nosa taxa de desemprego máis que dobra a media da Comunidade —por riba do 22% para unha media comunitaria do 11%—, o mercado de traballo presenta a taxa máis alta de emprego precario —máis do 40% da poboación ten este tipo de contrato—, o 52% dos parados non cobran subsidio de desemprego, en torno ó 20% da poboación está por debaixo do nivel de pobreza segundo a definición da Unión Europea, mentres que non se prevé ningunha mellora substancial da situación do mercado de traballo. Pola contra, se se teñen que cumprir as condicións de Maastricht é moi probable que empeore. En resumo, non parece que a integración na UE mellorara substancialmente a situación do país nin que diminuíra a distancia entre nós e a Comunidade.

Gráfica 1.- PIB de España como % do PIB medio comunitario



FONTE: Elaboración a partir de OCDE (1996): *Main Economic Indicators*, (abril) e de *Économie Européenne*.

O problema crucial é que esta distancia non é máis có resultado da operación da UE para as economías menos avanzadas da Unión e, polo tanto, de España. É, precisamente, a forma de operación da Unión e as súas condicións o que está levando ó debilitamento da capacidade real do país para producir riqueza e baleirando a súa capacidade de competir. As grandes empresas e capitais dos países máis ricos son favorecidos no sentido de que poden compra-las empresas productivas do país (incluíndo as empresas públicas a través da privatización), ocupa-los seus mercados, reestructura-las súas industrias transnacionais e investir grandes sumas de capital financeiro sen ningunha preocupación pola estrutura social e económica de España. Moitas das industrias con productividades inferiores non poden manterse nesta liberalización e reestructuración e desaparecen, dando lugar á nosa extraordinariamente alta taxa de paro. Simplemente, nun mercado integrado e non regulado, os países máis débiles non poden mante-las súas estruturas productivas. As políticas estruturais non son suficientes para equilibrar esta situación que se deteriora con rapidez (o fluxo neto total que España recibe da UE por tódolos conceptos só supón o 0,5% do PIB español por ano).

O problema agudízase porque a UEM e o TM van reforzar estas tendencias. Por un lado, aumentan as facilidades para operar no ámbito internacional ó diminuí-la

incerteza monetaria; polo outro, non hai apoios substanciais para axudar os países máis pobres a resolver os problemas que esta dinámica pode xerar —non existe ningunha posibilidade de redistribución a través de políticas fiscais ou sociais, ou algunha probabilidade dunha política industrial comunitaria favorable para estas situacións—. Pola contra, pretenden incluso desarmar os instrumentos nacionais ó esixir unha maior liberalización e desregulación no ámbito nacional, impoñer estreitos límites para o gasto público, diminuír fortemente a capacidade para unha política económica autónoma e converter en dominante na Unión unha política económica dirixida á estabilidade en lugar de ó crecemento, sen máis compensación ca unha contribución moi escasa dos fondos estruturais (os fondos estruturais e de cohesión sumaron só o 0,2% do PIB comunitario en 1993 e prevese a súa "xenerosa ampliación" ó 0,3% para 1999).

Os países máis pobres da Unión teñen que pagar un alto prezo por pertencer á Comunidade e este prezo é moi probable que aumente coa UEM e co TM. Para o caso de España, de seguido resumimos por bloques cunha certa homoxeneidade os aspectos que consideramos máis relevantes⁸.

◆ A UE actual implica un certo modelo de desenvolvemento que se impón ós países membros da Unión, e con máis intensidade aínda a aqueles que non establecen salvagarda ningunha fronte a el⁹. O grave non é tanto a inevitable cesión de soberanía que supón a UE, senón que, dado o modelo económico acentuadamente neoliberal sobre o que se formula a integración, as decisións tomadas no centro de poder van precisamente dirixidas a impoñelo e, en consecuencia, a controlar e diminuí-la capacidade de actuación das autoridades políticas dos estados membros en certas direccións específicas. Un modelo baseado sobre todo na competitividade fronte ó exterior, de carácter marcadamente neoliberal e apoiándose na economía da oferta, que mostra que as autoridades centrais non teñen como preocupación real —por moito que fagan referencia ó principio de subsidiariedade— a de facilitar e permiti-la actuación das autoridades dos estados membros —estatais, locais e municipais— para logra-la converxencia real, senón que a limitan fortemente naqueles aspectos máis cruciais para orienta-la economía dos estados. E o TM acentúa fortemente esta orientación cos criterios de converxencia que impón.

⁸ Para a economía e a poboación española existen xa traballos sólidos e rigorosos que tratan polo miúdo estes aspectos. Véxanse, por exemplo, os de Montes (1993), Montes e Albarracín (1994), Martín Seco (1996), González Calvet (1996), Fernández Durán (1996).

⁹ Pódense observar actitudes diferentes entre os membros da CE. Non é o mesmo a de Dinamarca, Italia, Austria e, incluso, Irlanda, por citar só os países de menor importancia, có europeísmo totalmente acrítico de España. A submisión de España ós ditados europeos é de tal magnitude que fai pensar a moitos comentaristas que Maastricht reflicte o modelo de política económica que os sucesivos gobernos españois pretenden impoñer, independentemente das recomendacións da Unión Europea. De feito, como xa sinalaron Solchaga e Solbes no seu día, os criterios de converxencia impoñían a disciplina que eles consideraban necesaria, de tódalas formas, na política económica española.

Nesta situación, é moitísimo máis difícil para os estados propugnar e levar á práctica políticas que non sexan estrictamente neoliberais. Chegouse a escoitar a insígnies políticos con moito poder en Europa que "*os mercados van disciplinar ós políticos*" (Theo Waigel, ministro alemán de Facenda), nunha radical e perversa inversión de todo o que implica que as sociedades sexan donas dos seus destinos.

♦ A UEM e o TM supoñen un serio debilitamento da regulación e xestión da conxuntura tanto no ámbito da UE como no dos estados membros. "*Parecía que os países europeos renunciaban á súa autonomía en beneficio dunha política macroeconómica comunitaria que, en realidade, non existe. As políticas macroeconómicas nacionais non teñen un substituto europeo. É, polo tanto, cara a un abandono puro e simple da política económica cara ó que nos encamiñamos progresivamente*" (Grjebine, 1992, p. 21).

Podería argumentarse que o criterio de subsidiariedade esixe que non haxa unha política común (aínda que para algúns aspectos existe), pero o problema reside en que non hai política común e, ademais, polo TM as posibilidades de realizar unha política económica activa por parte dos estados membros queda seriamente diminuída, é dicir, unha orientación precisamente en dirección inversa á subsidiariedade: desaparición da política monetaria e de tipo de cambio, control da política fiscal e exterior, límites á política industrial, prohibición da concesión de axudas estruturais non aprobadas pola Comunidade, limitacións á empresa pública, recomendacións de actuación ante o estado do benestar, etc. Aínda máis, baixo o argumento da necesidade da estabilidade de prezos e da austeridade fiscal, impónlle as condicións de mercado ó financiamento público: os bancos centrais xa non poden financiar ó Goberno con créditos preferentes de ningunha clase, nin sequera compra-la súa débeda pública, polo que o estado debe acudir ó mercado de capitais nas mesmas condicións có capital privado. Este feito é considerado inustificable ata por Rudiger Pohl, antigo membro do consello de expertos económicos de Kohl e presidente, agora, dun dos grandes seis institutos alemáns de conxuntura. Neste momento, os únicos instrumentos de política económica en mans dos estados reducíronse a aumentar ou redistribuí-la carga fiscal e a incidir no mercado laboral. Na situación actual, ó renunciaren ás políticas anticíclicas nacionais, os europeos renuncian a toda política de regulación da conxuntura no seo do espacio europeo e nos seus propios estados. Sen embargo, unha aplicación coherente do principio de subsidiariedade requiriría que a política fiscal permanecese como competencia dos países membros, sen estar coaccionada por prohibicións que a limitan fortemente.

A lexislación sobre o mercado de traballo e a política salarial permanecen case como os únicos reductos nos que as autoridades dos estados membros poden intentar realizar unha política económica específica, mostrando con claridade cal é o ámbito de actuación que se permite e recomenda ós respectivos gobernos. Elimínase a posibilidade das desvalorizacións competitivas para que as empresas non

poidan competir ilexítimamente, pero estímúlase e facilítase o *dumping* social. "A ausencia dunha política social comunitaria xera o risco, e incluso a certeza, de que os países membros intenten mellora-las súas respectivas posicións competitivas baseándose en baixos custos salariais, e os sindicatos nacionais atoparanse prisioneiros na difícil encrucillada de ou ben renunciar a toda mellora laboral ou social, ou ben ser acusados de responsables da deterioración do investimento e do crecemento do desemprego... Así mesmo, a carencia de harmonización fiscal, como xa se dixo, conducirá a que tódolos países minimicen, coa finalidade de atraer-lo aforro dispoñible, a tributación dos capitais e as súas rendas" (MS, 1996, p. 17).

◆ O modelo de política económica que implica a UEM está nesgado cara á estabilidade económica e de prezos e cara á deflación. E iso a pesar de que a Comunidade Europea é unha das partes do mundo central que menos medra. Isto implica maiores dificultades para loitar contra o paro, para aproximación real das economías europeas entre si e logra-la tan recomendada competitividade. Nos criterios de converxencia, como xa se sinalou, non se recoñece en absoluto a diferenza entre a riqueza dos países, a súa capacidade productiva ou a magnitude do paro. Nin sequera se visualiza ningunha medida de política económica diferenciada para aproxima-las economías ou resolve-los problemas de emprego. Os criterios de converxencia marcan unha política de austeridade e deflación que, ademais, se formula como permanente. Xa se indica que a limitación do 3% ó déficit público do TM se reducirá aínda máis no futuro ata alcanza-lo 1% ou mellor o 0%. Desta maneira, *"la conjunción de la desaparición de los instrumentos de ajuste nominal (tipo de cambio y política monetaria) con la drástica rigidez fiscal dejan a los ajustes reales como el único mecanismo de adaptación a los cambios económicos o los shocks externos. Ello implica que la respuesta a cualquier shock asimétrico negativo se saldará, a corto plazo, con caídas en el nivel de empleo, y a medio y largo plazo, con caídas en el salario real"* (González Calvet, 1996). Só se permite estimula-lo crecemento e a produción de riqueza a través da economía de oferta, principalmente a base de diminuí-lo custo do traballo. Os países que se atopan en condicións máis difíciles, como é o caso de España, vense imposibilitados para seguir unha política expansiva que intente palia-lo gravísimo problema do paro e aumenta-la súa capacidade de produción. Os criterios de converxencia actuais néganlles ós estados o dereito a utiliza-los instrumentos que empregaron ata agora os países máis ricos da Comunidade para resolve-los seus problemas (manexo dos tipos de xuro, dos tipos de cambio, déficit públicos...). Como ben di Martín Seco (1996), *"¿cómo hubiera resuelto Alemania los problemas de su unificación si hubiera tenido que respetar los criterios de convergencia?"*.

◆ Os problemas macroeconómicos que Maastricht implica non son os únicos que hai que considerar. Non son menores os xerados no ámbito productivo. A libe-

realización das transaccións económicas que supuxo a UE facilita as importacións e a reestructuración dos sectores productivos (non só a industria senón tamén a agricultura) no ámbito europeo. Reestructuración que implica a desregulación, a flexibilidade e a privatización das empresas, e que ten como consecuencia reforza-la división do traballo e favorece-la especialización estreita dos estados, por industria e por produto, o que leva a unha maior inestabilidade e a un significativo debilitamento da estrutura productiva de España. Se observámo-la agricultura e a industria do país, ámbalas dúas diminúen na súa produción, e a industria especialízase e concéntrase en menos liñas de produción —a matriz input-output clarifícase, mostrando o debilitamento do tecido industrial—. A especialización productiva de España non se dirixe cara ós sectores máis dinámicos e avanzados, senón que se concentra en industrias con tecnoloxías intermedias —automóbil, por exemplo— ou en papeis subsidiarios ou de subcontrata. A produción é cada vez máis dependente das grandes empresas que toman as súas decisións no ámbito europeo e mundial, o que conduce á deterioración da base productiva local e á progresiva incapacidade de compensalo crecente desequilibrio comercial. Toda esta reestructuración productiva non permitiu avanzar substancial e solidamente nin a produtividade, nin a competitividade da produción española. A liberalización externa necesitaría dunha enérxica política de desenvolvemento do sistema productivo que, por un lado, os gobernos dos anos oitenta non quixeron realizar —a mellor política industrial é a que non existe, dicía o ministro de Industria do PSOE— e que, por outro lado, agora son moito máis difíciles de impulsar ante os controis das axudas públicas ás empresas e ante os límites que impón o TM ó gasto público. Referíndose ó noso país, di Aglietta (1995, p. 16): "*A estrutura industrial non era compatible coa estratexia de converxencia nominal que se seguiu nos noventa. A situación de España axuda moito a explica-las repetidas desvalorizacións que este país tivo que experimentar*". De feito, en termos de PIB per cápita afastámonos da media da Comunidade dende a nosa situación en 1985, as rexións españolas distáncianse en riqueza das dos países centrais, o noso consumo estáncase e non é necesario estenderse na gravidade do problema do paro.

Ningún, absolutamente ningún destes problemas merece a atención directa do Tratado de Maastricht. Suponse que se se cumpren as condicións de converxencia nominal, todo o demais se dará de seu. ¿Con que garantía? Que saibamos non existe unha formulación teórica que o asegure, e tódolos indicios empíricos mostran exactamente o contrario. Co Tratado todo o que se logrou foi arrinca-los Fondos de Cohesión, cun importe ben limitado, e que, ademais, están dirixidos obrigatoriamente a obras de infraestrutura ou medio ambiente. Aínda que agora España absorbe o 50% destes fondos, xa se está propugnando que sexan redirixidos ós países do leste. Isto é todo o que o Tratado de Maastricht ofrece ós apremiantes problemas reais da economía.

A reestructuración productiva e o paro levan a formularse o tema da mobilidade dos traballadores. En principio, unha zona monetaria óptima supón unha mobi-

lidade da man de obra suficiente para compensar rapidamente os choques nun país e para evita-lo crecemento do paro. Pero é ben sabido que a integración dos mercados de traballo é infinitamente máis lenta cá dos mercados de mercadorías ou capitais. Considérase que se se ten en conta a diversidade de linguas e tradicións culturais e sociais que caracterizan Europa, a mobilidade do traballo en Europa non é tan voluminosa e rápida como, por exemplo, nos Estados Unidos. Persoalmente matizaría esta afirmación, xa que non hai que esquece-los vastos movementos migratorios dos sesenta en que os traballadores dos países do sur se trasladaron ó norte europeo á procura dun posto de traballo, pero preguntaría, ¿que disposicións se tomaron para facer menos traumática a sempre dolorosa experiencia da emigración? O problema non é tanto a dificultade da mobilidade dende a óptica dos traballadores, senón da falta de emprego, incluso nos países do norte, de novas ondas migratorias consideradas de forma preferente (os traballadores do leste) e as moi sutís dificultades que os gobernos do norte utilizan para desanimar ós inmigrantes europeos. Pero incluso supoñendo que a mobilidade interestatal se acentúe, ¿é unha boa solución e debe propugnarse que a integración europea se salde co declive de certos países e o ascenso constante doutros?

◆ Terían que mencionarse, tamén, os problemas de natureza ecolóxica que o ultraliberal e enerxívoro modelo económico suscita, e que as esixencias de Maastricht reforzan. Deixarémolo nesta simple mención xa que existen outras obras que os tratan con amplitude (Fernández Durán, 1996).

◆ Quédanos por considera-lo custo social. Farei só unha breve referencia, pois é probablemente o que máis se coñece: as escandalosas cifras de paro en toda a Unión, e aínda moito máis en España; a dualidade crecente da distribución da renda, cuns moi poucos moito máis ricos, e moitos máis en retroceso nos seus niveis de vida; a pobreza, a marxinalidade, a exclusión... Tódalas medidas que imponen os criterios de converxencia de Maastricht só poden deteriorar estas situacións. A aprobación da Carta Social Europea en 1989 e o Protocolo, anexo ó TM, non son máis que catálogos de boas intencións, un brinde ó sol, que non incorporan medidas para a súa execución (e, a pesar diso, o Reino Unido nin sequera quixo aprobalos). E, para acompañar estas medidas, mediante os controis fiscais establécense duros límites ó estado social e ó estado do benestar, unha vez máis sen ter en conta diferencias actuais entre os estados membros (aínda tan cativo en España). Ó mesmo tempo, prodúcese un escandaloso ataque concertado dende tódalas instancias de poder, entusiasta e descaradamente acompañado dos poderes financeiros¹⁰,

¹⁰ Se quedara algunha dúbida da conivencia entrámbolos dous poderes, a fotografía que se puido ver na prensa do Sr. Barea dicindo que non será posible mante-las pensións e que hai que potencia-las pensións privadas, diante dunha magnífica pancarta da Sociedade de Seguros Vitalicios que pagaba o acto, xa a disiparía por completo. ¡Xa non se necesita nin garda-las formas!

para reducir ó mínimo e privatiza-las prestacións sociais (pensións, asistencia social, sanidade, educación).

Hai que destacar que a Europa social non é un suplemento "voluntario", que se pode incluír ou non no proceso de integración europea, senón a condición *sine qua non* para un bo funcionamento da Unión Monetaria e da Unión Europea en dous aspectos. Primeiro, se os ingresos da poboación aumentan coa Unión, o seu consumo non medrará —que é o que está sucedendo en España e Francia dende hai algún tempo¹¹— e non haberá demanda suficiente para estimular un aumento do investimento e da produción europea. Este efecto é máis importante se temos en conta que as exportacións da Unión se realizan entre os seus propios estados —o 75% do comercio da Unión realízase entre os seus socios—, polo que un freo á demanda interna dos países pode ter consecuencias moi graves, non só para a economía dos países en cuestión, senón para o conxunto da Comunidade.

Por outra parte, se a maioría da poboación da Unión non percibe vantaxes nela, ¿que incentivos terá para impulsala e sostela? O exemplo de Francia en decembro de 1995, mostra as dificultades que pode formular unha Europa que ignora a distribución dos seus beneficios ou, o que é peor, que coas súas medidas impulsa unha distribución perversa deles. Ata tal punto se está deteriorando a situación social na UE e quebrándose por iso a necesaria cohesión social, que a propia Comisión nomeou en 1995 un comité de expertos para trata-lo tema dos dereitos civís e sociais dos europeos (Comisión Europea, 1996).

Tería que mencionarse tamén a gravísima deficiencia democrática que supón a UE e que o Tratado de Maastricht acentúa e intensifica, ó impoñer medidas dictadas centralmente ós gobernos dos países membros e diminuír drasticamente a súa capacidade de xestiona-la súa economía. O propio Delors estimaba que, en poucos anos, máis do 80% das medidas de política económica emanarían da Comunidade. Non nos deteremos neste punto xa que, a pesar da súa importancia, poderíamos consideralo menos "económico".

INTERMEZZO

O deseño actual da Unión Europea e do Tratado de Maastricht non é máis ca unha forma concreta na que levar a cabo a Unión e como tal se debe considerar. O modelo de política económica que implica, a forma en que foi organizada, os criterios que se esixen para a súa consecución e os prazos establecidos son froito dunhas opcións específicas, pero en absoluto imperativas nin inevitables. O modelo polo que se optou para a Unión Europea non é único nin ineludible.

¹¹ Segundo o Observatorio Francés de Conxuntura Económica (OFCE), nos últimos vinte anos, en Francia, un aumento nun punto da taxa de paro supón unha redución da progresión do salario real en torno ó 0,6% ó cabo dun ano, pero este efecto de moderación refórzase no tempo ata chegar ó 6,5% despois de dez anos (Grjebine, 1995, p. 22).

Hai múltiples maneiras de proceder a unha unión económica e social e o debate acerca dos diversos modelos e dos procesos que conduzan a ela é importante e imprescindible se se pretende que a Unión Europea teña unhas bases democráticas e que conduza ó benestar da maioría da poboación. Non é lexítimo escamotearlles ás poboacións implicadas a consideración das consecuencias das distintas opcións. A avaliación dos custos e beneficios dos diversos modelos e da distribución deles entre os grupos sociais e os territorios da Unión é un aspecto de importancia primordial para permitir tomar decisións sólidas e baseadas nun amplo consenso social. De aquí que, fronte á revisión do Tratado de Maastricht que se está levando a cabo ó máis alto nivel, se deba de esixir das autoridades e dos dirixentes sociais, estatais e da Comunidade que realicen un amplo proceso de información xenuína, de amplo debate, e a posibilidade de modifica-lo deseño actual se este non se considera adecuado para impulsar unha economía cada vez máis sólida e dinámica e, especialmente, para impulsa-lo benestar das poboacións implicadas.

A UE, tal e como está configurada ata agora, e o Tratado de Maastricht, que marca o camiño para a súa realización, non están dirixidos ó benestar das poboacións dos países membros, senón a potencia-los intereses do capital internacional e particularmente os do capital financeiro. No caso de España, a situación é especialmente grave, xa que as medidas que impoñen os criterios de converxencia conducen ineludiblemente a empeora-los problemas da economía real e a deteriora-lo nivel de vida actual da poboación. De aquí que esta UEM e o TM non poidan ser considerados como unha vía aceptable pola poboación española.

Por iso, un modelo que pense no benestar da poboación ten que proceder, necesariamente, dun discurso alternativo. A gran trampa consiste en pedir unha política económica alternativa no mesmo marco económico, profesional, social e político de agora. Esíxese unha política alternativa "técnica" e só técnica, seguros de que se se acepta moverse nese ámbito a partida está perdida. A cuestión está en que hai que partir doutras prioridades políticas e subordina-la técnica ós obxectivos e non ó revés.

Un breve comentario respecto ós que formulan o abandono da Unión Europea. Esta opción debe ser considerada como unha alternativa posible e lexítima. Os grupos e as persoas que a propugnen non deben ser estigmatizados como irresponsables ou prexudiciais para o país, senón que se debe posibilitar que expoñan os seus argumentos e estes deben considerarse e ponderarse seriamente. Aínda que se nos presenta como inevitable a pertenza á Unión, non é tan seguro que nunha sociedade coas opcións económicas moi claras, unha boa xestión socioeconómica e unha sólida cohesión social, o abandono da Comunidade tivera que ser necesariamente unha catástrofe (Aglietta e De Grauwe, por exemplo, dende un enfoque pro UEM propugnan un modelo de UEM nã que os países se integran nela só se queren e cando eles queren). Unha ampla exposición das razóns que levan a esas posicións e unha avaliación das súas probables consecuencias, teñen tanto dereito a ser

expostas, formuladas e propugnadas como as súas opostas, e redundarán nun saudable afondamento da democracia. Algúns países da Comunidade Europea sinalaron o camiño para seguir nesta dirección e facilitaron a reflexión e o debate sobre este tema, chegando incluso á consulta da poboación en referendo. Non hai razón ningunha, nin social, nin política, nin económica, que supoña que esta vía é menos patriótica, lexítima ou incluso realista que os formulamentos integradores.

ALGUNHAS IDEAS PARA O DESEÑO "DOUTRA EUROPA"

"Europa non pode construírse sobre unha base de paro e de exclusión nin sobre un déficit de cidadanía. Europa será a Europa de todos, de tódolos seus cidadáns ou non o será".

COMISIÓN EUROPEA, 1996

Hai que afirmar con convicción que existen alternativas. No ámbito profesional da economía hai xa múltiples traballos que propoñen cambios ó Tratado de Maastricht ou a algúns dos seus diversos aspectos. Na súa gran maioría son opcións que se moven dentro da ortodoxia dominante, pero que son amplamente suficientes para mostra-la existencia de múltiples enfoques, incluso aceptando nos seus termos xerais a opción actual da UE. O traballo de Aglietta, que se recolle na bibliografía deste artigo, e outros traballos do mesmo autor son un bo, aínda que non único, exemplo desta liña de pensamento.

Pero non só estes. Empezan a xurdir de forma crecente traballos que afondan máis no carácter alternativo do modelo para a Unión Europea. O traballo de A. Grjebine, que tamén citamos na bibliografía deste traballo, e as referencias que este proporciona constitúen unha clara demostración de que, dende o propio ámbito da economía profesional, se está a facer un esforzo, con éxito, por formular deseños alternativos para a Europa monetaria.

Por outra parte, son cada vez máis as voces que expresan a súa fonda preocupación pola dureza social que implica a actual Unión Europea, pola súa incapacidade para resolve-los gravísimos problemas económicos e humanos que Europa ten formulados, e pola importancia transcendental que para o futuro europeo ten a deterioración que está tendo lugar na súa cohesión social e na súa representatividade democrática. Como unha aceptación oficial desta preocupación, xa se citou o informe *Por una Europa de los derechos civiles y sociales* (Comisión Europea, 1996), presentado en febreiro deste ano, que pon claramente de relevo a necesidade dunha fonda transformación social do proxecto europeo.

É dicir, que hai necesidade de alternativas e pode habelas. Por iso é tan importante reforzar un proceso de busca e elaboración delas, estimulando un amplo debate social nesta dirección.

A filosofía da miña formulación baséase na noción de proceso. Nas condicións políticas, sociais e económicas das sociedades actuais non é posible formular unha transformación radical e rápida do sistema capitalista e, polo tanto, da Unión Europea. Con frecuencia, esta situación leva á desmoralización e a adopta-la actitude de que ningún avance é posible, afundíndonos na inoperancia, no abandono e na aceptación do *statu quo*. Sostense aquí, pola contra, que incluso nas condicións actuais é posible iniciar procesos de cambio limitados que mostren que son posibles algunhas posicións alternativas, que sacudan as posicións de impotencia que nos invaden e que impulsen en tódolos ámbitos o traballo pola transformación social.

Os cambios terían que ir aumentando e gañando espazos de liberdade para, xunto con outras estratexias, xerar un xenuíno avance transformador. Esta proposta recoñécese, polo tanto, posibilista, a prol do realismo e convencida de que, nas condicións actuais, a unha verdadeira transformación social, que nunca pode deixar de se-lo obxectivo das esquerdas, só se poderá chegar tras un longo proceso de cambio. O proceso que implica esta proposta é un instrumento máis para lograla desexada transformación.

As propostas deben ser viables para que sexan válidas, por suposto. Pero a viabilidade non é un elemento fixado para sempre, senón que depende en gran parte da composición de forzas existente na sociedade. O problema dunha política económica alternativa é político. Non é un problema de fórmulas técnicas. Estas existen e poden aplicarse. De aquí que un programa económico verdadeiramente alternativo só poderá establecerse a partir dunha composición de forzas sociais e políticas que apoie esa opción, tanto por medio das formas organizadas tradicionais, como por novas e imaxinativas fórmulas dende a base. A transformación social nunca foi nin será un elemento técnico, senón que depende dunha firme vontade social.

A maduración desta estratexia e a súa capacidade para reuni-lo apoio necesario que a converta nunha opción real non é, sen embargo, automática nin espontánea. Non poderá eludirse a necesidade de abrirse paso no marco dun intenso debate ideolóxico, que gravita decisivamente nesa correlación de forzas, e que obriga a definir de antemán co maior rigor a súa natureza esencial, os seus contidos básicos, os seus aliñamentos estratéxicos de longo prazo e as súas propostas de políticas inmediatas, así como a súa coherencia interna e as razóns da súa viabilidade económica e política.

De seguido presentamos algúns dos aspectos que poderían constituí-las ideas forza, os eixes básicos, que guiarán a construción dun modelo alternativo de política económica na Unión Europea, como exemplo de que existen posibilidades por explorar nesta dirección e con ánimo de que sirvan para estimular a discusión e o debate. Son ideas limitadas, illadas e aínda pouco elaboradas. Arríscome a mencionalas todas neste débil estado de elaboración porque me parece que é ur-

xente formulalas e, tamén, porque creo que a tarefa é moito máis ampla do que unha soa persoa pode encarar. De feito, unha proposta alternativa social só poderá construírse de forma colectiva.

Neste modelo alternativo, o obxectivo fundamental da vida económica está constituído polo logro do máximo benestar para as poboacións implicadas. Para iso propónse unha economía regulada nas súas grandes orientacións por institucións sociais, na que se articulen as decisións políticas coas decisións provenientes do ámbito dos intereses privados de forma que, recoñecendo a primacía do obxectivo común, poidan lograrse niveis adecuados de satisfacción dos intereses particulares que participan na vida social. Para iso parece necesario:

◆ Formula-la democracia europea. Non só, nin necesariamente, a través do Parlamento (con moitos elefantes brancos retirados que manteñen tódolos vellos valores caducos)¹². Que a UE esixa e financie novas formas de representación democrática: parlamento, representacións sociais, etc. Buscar novas fórmulas de representación e que a Comisión sexa realmente o executivo deste órgano.

◆ Unha planificación/programación económica europea con ampla representación das forzas sociais. É necesaria unha integración eficaz de programación e mercado na que a primeira cumpra a función de darlles coherencia e eficacia ás grandes decisións sociais e a segunda constitúa o instrumento de expresión das preferencias individuais. A base do modelo que se propón reside nunha adecuada articulación entre a regulación estatal e a actividade privada. A regulación estatal ten como obxectivo crear situacións e escenarios que conduzan ós actores económicos a axustarse á lóxica que emerxe dun deseño social da economía, mentres que a actividade privada—que integra o capital privado nacional e internacional—operará para logra-los seus obxectivos particulares dentro dese deseño. Trátase de desenvolver-la programación social dos grandes eixes da economía, creando condicións favorables para a súa expansión, pero dentro dunha mellora das condicións de vida da maior parte da poboación.

Un marco así planificado tería que servir de punto de referencia para toda a política de estímulo ó sector privado, apoiando e impulsando tódalas iniciativas que se insiran neste marco e tratando de disuadir aquelas que se afasten del. A actividade privada que se desenvolvería dentro destas coordenadas sería preferencial para gozar de tódolos apoios que proporcionara o sector público. Serviría, así, de

¹² Xa en órganos da propia Comunidade se formulan visións da democracia máis amplas cá estrictamente parlamentaria. Por exemplo, no informe final *Por una Europa por los derechos civiles y sociales* propoñen "prever un artigo do novo Tratado (de Maastricht) que constitúa o inicio dun proceso amplo e democrático de elaboración colectiva, en toda a Unión, dunha lista completa de dereitos e deberes cívicos e sociais" (Comisión Europea, 1996, p. 6). Formulado polo Parlamento europeo por proposta da Comisión, este proceso, ó que os parlamentos nacionais deben estar estreitamente asociados e no que participarían non só os actores sociais tradicionais senón tamén as organizacións non-gobernamentais, deberá desembocar en cinco anos nunha nova CIG.

elemento básico da actuación pública e de articulación co sector privado, incluíndo o capital externo da Unión.

♦ A distribución da renda ten que constituí-lo eixe central do modelo por dúas razóns. Por un lado, porque a poboación necesita dun certo nivel de ingresos para o seu desenvolvemento material, espiritual e cívico. Non é posible un desenvolvemento individual nin social se non se dispón dos medios elementais para vivir. Non se pode falar de democracia se se carece dos medios materiais para a subsistencia. *"En la tradición europea, los derechos sociales y los derechos cívicos son inseparables... los derechos sociales están imbricados con los derechos cívicos que explicitan la ciudadanía"* (Comisión Europea, 1996, p. 3). Unha distribución que asegure as condicións de vida proporcionais á riqueza social para a maioría da sociedade é unha condición indispensable para a formación dunha cidadanía europea harmónica.

Por outro lado, a distribución desenvolve un papel central na dinámica económica, determinando a capacidade de crecemento nun sentido porque incide na capacidade de acumulación e no inverso porque determina a demanda, que está na base do sistema productivo. Se por determinadas razóns, ben por aspectos ecolóxicos ou ben porque, como no Tratado de Maastricht, se fai unha opción pola estabilidade en lugar de polo crecemento, o tema da distribución aumenta a súa relevancia. Se non se medra e a distribución da renda non é a adecuada, hai que redistribuír entre persoas e entre territorios. Este é un corolario lóxico que, sen embargo, se ignora con suma facilidade nas formulacións oficiais da UE e que trata de reducir ó mínimo os dispositivos redistributivos. Os raquícos fondos estruturais (constitúen só un 0,3% do PIB comunitario), que supostamente cumpren un papel redistribuídor, distan moito de ter unha magnitude nin sequera de lonxe suficiente para realiza-lo seu papel con certa eficiencia.

A programación socioeconómica e as negociacións (salariais e fiscais) que inciden na distribución pasan, polo tanto, a constituír un dos elementos cruciais de todo un modelo de desenvolvemento. Deixalos á simple decisión dos poderes asimétricos do mercado é unha irresponsabilidade cunhas consecuencias negativas que non se avaliaron adecuadamente.

♦ O emprego é a outra variable clave. Unha verdadeira alternativa debe situar a recuperación e expansión do emprego no centro da súa estratexia. O emprego non sería o subproduto dunha hipotética competitividade, senón o obxectivo central da actividade económica. Para isto é imprescindible fortalecer, expandir e articular mellor entre si a estrutura productiva, combinando as grandes empresas e as súas redes coa expansión e co estímulo das empresas e servicios de carácter máis nacional, rexional e as iniciativas locais. Se se ten en conta o custo social de que a xente non teña emprego, non sempre os produtos con custos privados máis baixos

son os máis eficientes. De aquí a necesidade dunha programación que relacione a evolución do sistema productivo co emprego. Para iso é moi probable que teña que considerarse con atención, xunto co proceso e a velocidade de integración de novas tecnoloxías, a expansión da demanda interna da Unión. De feito, practicamente tódolos países, incluso aqueles coñecidos como "exportadores de manufacturas", se apoian nunha potente demanda interna para logralo seu desenvolvemento. A distribución, o emprego e a demanda interna teñen que se-los eixes centrais, as coordenadas dun novo modelo alternativo, máis aínda se se considera que é inevitable que nun prazo medio o que hoxe se consideran "mercados externos" da Unión coa Acta Única e a UEM se convertan en mercados internos (xa se sinalou que os mercados externos da Europa actual son nun 70% mercados internos da Unión).

♦ Na política macroeconómica. Unha unión económica require ineludiblemente, unha facenda equilibradora que poida compensar los efectos negativos dalgunhas medidas ou impulsar-lo desenvolvemento das rexións máis atrasadas —segundo certos estudos, nos Estados Unidos as transferencias que proveñen do Estado federal compensan entre o 30 e o 40% da variación de ingresos froito dun choque rexional—. Hai xa propostas de posibles orzamentos máis realistas có actual, pero podería haber moitas máis. Actualmente, o orzamento total da UE límitase ó 1,27% do PIB comunitario. Algúns autores mencionan a conveniencia de chegar ata o 3% e incluso outros sinalan que non sería un desatino que oscilase entre o 4 e o 10% (téñase en conta que o orzamento dos estados membros está en torno ó 50% dos seus respectivos PIB). Este aumento do orzamento podería financiarse cun imposto xeral ás transaccións de capitais, imposto propugnado polo Premio Nobel de Economía Tobin, e cun imposto á combustión de carbono, que propugnan os grupos ecoloxistas. Así mesmo, existe unha política fiscal moito máis harmonizada entre os estados membros, respecto ós impostos sobre o capital e os ingresos públicos, que impida que as diferencias fiscais poidan ser utilizadas como elemento de localización industrial. Esa harmonización, por suposto, non debe facerse polos niveis mínimos de imposición, como se está facendo agora.

A autonomía do Banco Central debe revisarse e discutirse moi a fondo con vistas á súa eliminación. Esta autonomía afasta as decisións do PE dos pobos, "colócase á marxe dos avatares políticos, das ideoloxías, das preferencias sociais e da vontade popular". A política monetaria dictada dende o Banco Central Europeo non tería que ser autónoma senón rexida pola planificación, como tódolos demais obxectivos de política económica e en conxunción con todos eles e coa política fiscal.

As transaccións entre países deben regularse tendendo ó máximo aproveitamento das capacidades productivas, da eficiencia e da competitividade, pero dentro de certos equilibrios e non por un mercado sometido unicamente ós intereses das grandes empresas industriais e financeiras. Existen xa amplas e sólidas cons-

truccións teóricas que poden guiar na procura de novas formas de orientación do comercio —Krugman e Sirloin, por exemplo—. Hai que ter en conta que o Mercado Único e a UEM van impoñer unhas readaptacións drásticas nas transaccións intercomunitarias. Por exemplo, ¿como se establecerá a balanza de pagamentos dos países e que sentido terá?, ¿veranse os bloques económicos finalmente obrigados a restrinxir a mobilidade internacional de capitais? (necesidade expresada por moitos economistas e ata polo propio Delors na súa última época na Comunidade¹³). Podería perfectamente aproveitarse a oportunidade para instaurar novas formas transaccionais.

◆ Medidas de carácter máis estrutural: Unha política social negociada. Non se trata de igualar tódolos dereitos sociais por arriba, pero tampouco por abaixo. Débese tender a mellora-los niveis de vida dos traballadores da Comunidade, procurando que non supoña empeoramento para ningún, pero explorando as posibilidades de converxencia real que poden proporcionar as distintas taxas de crecemento. Non será posible iguala-los salarios, por exemplo, pero ¿que impide negociar que os salarios avancen na mesma taxa en relación coas melloras de produtividade medias da Unión? Na conxuntura actual, na que tanto se discute a redución da xornada de traballo, ¿non é a forma máis lóxica de formular esa reivindicación a través dunha redución conxunta, modulada segundo a situación dos distintos países, no ámbito europeo?

Nesta Europa social debe postularse o mantemento e mellora do estado do benestar. As prestacións sociais deberían proceder gradualmente a equipararse cos países máis altos, cunha xestión descentralizada e na que participaran ó máximo os propios beneficiarios. O financiamento do estado do benestar debe ir cubríndose con impostos, en lugar de con cotizacións laborais. Hai que avanzar na dirección de que se lle asegure a toda a poboación uns ingresos mínimos para poder vivir. Polo menos, como pide o Comité por unha Europa dos Dereitos Cívís e Sociais, "*acordar el principio de que cada Estado establezca, en las condiciones que decida, unos ingresos mínimos para las personas*" (Comisión Europea, 1996, p. 6).

Aínda que a política productiva sexa probablemente o ámbito máis difícil e onde o conflito poida ser máis directo e acentuado, pódese visualizar tamén a provisión de estímulo e a negociación de acordos para que as reestruturacións empresariais sexan reguladas tendo en conta as necesidades do emprego. Os acordos pactados en Europa impedirían concederlles ás empresas facilidades negativas para os traballadores, co único obxectivo de atraelas cara a un territorio determinado. Como xa sinalamos antes, hai que evita-la competencia entre territorios por atraer empresas a través do *dumping* salarial ou fiscal, que conduza a deteriora-las condi-

¹³ É curiosa a total ausencia de referencias ás transaccións de capitais no Tratado de Maastricht. A mobilidade restricta de capitais tómase como premisa básica e inalterable de actuación en torno á que debe articularse o universo económico.

cións laborais ou fiscais. Hai que negociar, tamén, orientacións e controis para evita-la concentración espacial e social da riqueza.

Habería que dirixirse a potencia-lo tecido productivo dos diversos territorios e a expandi-lo emprego (sen ignora-la eficiencia). É necesario articula-las grandes producións internacionalizadas e as iniciativas de produción social a escala rexional e local. Cómpre destaca-la importancia da empresa pública, como eixe conductor dun modelo productivo europeo, a articulación de empresas públicas nacionais e comunitarias e destas co sistema privado.

♦ Un modelo distinto de consumo. Este modelo obriga a formularse tamén un novo modelo de consumo, aspecto ignorado a miúdo nas propostas alternativas e que, sen embargo, aquí desexamos destacar. Dentro dun gran respecto á liberdade individual, pensamos nunha sociedade dirixida a satisfaca-las necesidades básicas da poboación nunha sociedade avanzada, potenciando o que contribúa a mellora-la calidade de vida de amplas capas da poboación. O consumo dunha sociedade máis solidaria, menos obsesionada polo consumo indiscriminado, pero valorando moito máis o desenvolvemento persoal cá acumulación permanentemente crecente e ostentosa de bens de consumo. Dende múltiples frontes, existen xa grupos sociais importantes que cuestionan a actual sociedade de consumo: ¿por que non avanzar nesta dirección?

Isto implica unha reconsideración das prioridades productivas: hai que favorecer máis a produción de bens que correspondan ás necesidades internas de bens de consumo xeneralizado máis cá exportacións; a produción de bens básicos máis cá dos de luxo; a produción material máis cá certos tipos de comercio; os servicios esenciais máis cóos financeiros; a potenciación do consumo colectivo en moitos dos ámbitos en que este poida desenvolverse en lugar do consumo individualizado (transporte, ocio); o freo a certos tipos de consumo ostentoso ou antiecolóxico... Unha forma distinta de entende-la modernización e a incorporación do progreso técnico máis cá técnica orientada directamente á inserción exterior, a difusión da técnica ó conxunto da economía e especialmente á produción de bens básicos.

Hai que destaca-la importancia do consumo social. Ademais de reforza-la capacidade de produción dos servicios sociais básicos (educación, sanidade, vivenda, transporte), unha forma importante de xerar emprego é mediante a creación de novos servicios sociais e a expansión dos existentes (educación, sanidade, información, asistencia nas súas múltiples vertentes), que o mercado non vai proporcionar e que supoñen a mellora do nivel de vida da poboación, en particular dos máis débiles. Unha tendencia a potencia-los servicios comunitarios, públicos, fronte á satisfacción individual e atomizada dos desexos artificialmente inducidos e expandidos, son as liñas básicas dun novo modelo e non simplemente e o seu ornamento circunstancial.

♦ Impacto no proceso de integración. No marco desta estratexia, é obvio que os requisitos da mecánica da integración no ámbito europeo teñen que alterarse radicalmente. Deben partir dunha fonda integración das variables reais e dos criterios nominais de converxencia. É inevitable que teñan que basearse nun enfoque moito máis gradual, con transicións múltiples decididas polos propios estados. Neste proceso ningún país debería ser forzado a unha norma uniforme de converxencia e ningún país podería frea-lo proceso do conxunto. Sería realmente unha integración europea a que se iría xestando, e non unha imposición europea conforme ós intereses económicos das grandes empresas e dos países máis potentes do continente.

Pódense ampliar moito máis os aspectos que se deben considerar. Espero, sen embargo, que os que se sinalaron sexan suficientes para mostrar que se pode pensar en termos alternativos fronte á propia Unión Europea e loitar para que, cando menos, sexa unha mensaxe máis ampla acerca de "Europa" a que chegue á poboación.

Non é unha tarefa sinxela. Como primeira premisa requiriría un cambio moi significativo da composición de forzas políticas, cunha importante presenza de quen pretende unha sociedade e unha forma de vida diferente, non só moderadas reformas nas marxes do modelo actual. *"En definitiva, un proyecto alternativo tiene que asumir su carácter de opción global, en sus dimensiones económicas, sociales y políticas: lo cual supone revertir la mayor parte de las tendencias y direcciones en que camina la propuesta neoliberal"* (Vuskovic, 1993, p. 273).

Aceptar que a internacionalización actual impide todo cambio de modelo supón renunciar a calquera grao de soberanía para iniciar unha senda autónoma de crecemento, resignarse a que as cousas son como son agora e nunca será posible modificalas. A pesar das dificultades que presenta a fase actual do capitalismo, é posible considerar que hai certa capacidade de manobra se se formula con enerxía.

A Unión Europea non é un deseño acabado. Atópase en medio dun intenso proceso de incerteza, negociación e cambios (aínda que non na dirección que aquí se perfilan). ¿Por que aceptar que as modificacións poden dirixirse só nunha dirección? Un cambio substancial na composición de forzas, ¿non podería plasmarse nun cambio na estratexia económica? Evidentemente, se non se considera esta posibilidade, falar de alternativas supón referirse ó privilexio de elixir entre o fusilamento ou a forca. Utopía por utopía, aínda me parece máis realista considerar que se pode cambia-lo modelo da Unión Europea que crer que, co modelo actual, se vai logra-lo benestar da maioría da poboación europea.

BIBLIOGRAFÍA

AGLIETTA, M. (1995): "The Transition to EMU: Structural and Strategic Aspects", *Research Paper*, 9.511. [Relatorio]. New York: Federal Reserve Bank.

- ALLAIS, M. (1994): *Combats pour l'Europe, 1992-1994*. Clément Juglar.
- CEE (1991): *Las regiones en la década de los noventa*.
- COMISIÓN EUROPEA (1994): "Competitividad y cohesión: Las tendencias de las regiones", *Quinto informe periódico sobre la situación y la evolución socioeconómica de las regiones de la Comunidad*.
- COMISIÓN EUROPEA (1996): *Por una Europa de los derechos civiles y sociales*. [Informe do Comité de Expertos presidido por M.L. Pintasilgo].
- DELGADO CABEZA, M. (1996): "Integración y reestructuración desde la periferia europea", *Revista de Estudios Regionales*, núm. 44, (xaneiro-abril).
- DUVAL, G. (1996): "Les Paradoxes de la Convergence", *Alternatives Économiques*, núm. 138, (febreiro).
- FERNÁNDEZ DURÁN, R. (1996): *Contra la Europa del capital*. Madrid: Talasa.
- FREMEUX, P. (1996): "La Longue Marche de l'Europe", *Alternatives Économiques*, núm. 134 (febreiro).
- GONZÁLEZ CALVET, J. (1996): "Convergencia, la Unión Monetaria y el estado del bienestar en España", *V Jornadas de Economía Crítica*. Santiago de Compostela.
- GRAUWE, P. DE (1995): "Alternative Strategies towards Monetary Union", *European Economic Review*, 39.
- GRJEBINE, A. (1992): "Après Maastricht: Des Écus et des Chômeurs?", *Working Papers*, núm. 3. Centre d'Études et des Recherches Internationales de la Fondation National des Sciences Politiques.
- HEYLEN, F.; VAN POEK, A. (1995): "National Labour Institutions and the European Economic and Monetary Integration Process", *Journal of Common Market Studies*, Vol. 33, núm. 4, (decembro).
- MARTÍN SECO, J.F. (1996): "La Europa del capital. La UE", *V Jornadas de Economía Crítica*. Santiago de Compostela.
- MONTES, P. (1993): *La integración en Europa*. Trotta.
- SOLCHAGA, C. (1996): "Una Resposta Coherent als Adversaris de la Unió Monetaria", *Revista Económica*, (marzo-xuño). Banca Catalana.
- VUSKOVIC, P. (1993): *Pobreza y desigualdad en América latina*. México: UNAM.